



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Muros na sesión do 25 de novembro de 2016 adoptou o seguinte acordo:

BASES QUE HAN DE REXER PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTA PARA A COBERTURA TEMPORAL DE PRAZAS DE LIMPEZA E CONSERXERÍA.

1º. Obxecto da convocatoria.

A presente convocatoria ten por obxecto a elaboración dunha lista para a cobertura temporal de traballadores para o servizo de limpeza de rúas e edificios municipais, conserxería, mediante contrato de duración determinada.

Os traballadores/as terán que desprazarse dun inmoble a outro pola súa conta.

As funcións a desenvolver consisten nas tarefas propias de conserxería nos edificios municipais e/o colexios, limpeza de rúa e edificios públicos,.

O cometido funcional do posto versará sobre as tarefas propias da praza, consistente na limpeza e mantemento básico de edificios, instalacións e equipamentos de titularidade municipal e funcións de conserxería nos edificios municipais e/ou colexios de educación infantil.

Tamén deberá realizar aquelas outras tarefas que lle poidan ser encomendadas polos órganos municipais competentes ou polo seu superior xerárquico para a satisfacción das necesidades propias do servizo.

2.- Sistema de selección.

O sistema de selección será de concurso-oposición, que se valorará de acordo co baremo establecido no punto 7 destas bases.

3. Requisitos das persoas aspirantes.

Para ser admitidos á realización das probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007 de 13 de abril do estatuto básico do empregado público.
- b) Ter cumpridos os 16 anos da idade e non superar a idade máxima de xubilación
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectadas por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño de funcións propias do posto de traballo, que será xustificada mediante informe médico.
- d) Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.



CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

e) Estar en posesión do certificado de estudos primarios, equivalente ou superior.

4. Forma e prazo de presentación de instancias.

4.1 As persoas que desexen formar parte nas probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida á Sra. alcaldesa do Concello de Muros e que se presentará no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que establece o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Neste último caso deberase remitir copia da solicitude ao Fax: 981 762 257 antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

O prazo para a presentación de solicitudes rematará o vindeiro día **16 de decembro de 2016**. As persoas interesadas terán a súa disposición na páxina web e no Concello o modelo de solicitude. A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

As bases das probas selectivas serán publicadas no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello de Muros (www.muros.es).

4.2 A solicitude deberá ir acompañada por copia compulsada de:

- a) DNI ou documento correspondente ao país da UE.
- b) Copia do título esixido para participar nas probas selectivas
- c) Sé e o caso, documentación que acredite os extremos do punto 7 destas bases. A experiencia laboral acreditarase mediante contrato laboral ou certificado de empresa e informe de vida laboral

Non se admitirá máis documentación que a presentada con anterioridade á data límite de presentación de solicitudes.

5. Admisión das persoas aspirantes.

Rematado o prazo de presentación das solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Na resolución, que se publicará no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Muros, sinalarase un prazo de cinco días hábiles para poder corrixir ou reparar, no seu caso, o defecto que motivou a exclusión. Na mesma resolución farase constar a data e hora da realización do primeiro exercicio.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo máximo de dez días naturais dende a finalización do prazo de presentación destas. Transcorrido dito prazo sen que se dite resolución, estas entenderanse desestimadas. No caso de non presentarse reclamacións, a lista provisional publicada terá carácter definitivo.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

6. Tribunal cualificador.

6.1 O Tribunal das probas selectivas será designado consonte ao que dispoñen os artigos 60 do RD legislativo 5/2015, do 30 de outubro da Lei do estatuto básico do empregado público e do artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

O Tribunal estará composto por:

PRESIDENTE/A: María Dominga Fernández Lado; suplente: Susana Riomaso Lago

SECRETARIO/A: Enrique Carou Peón; suplente: Eva Tajés Pérez

VOGAL: Bernardo Santiago Lago Romero; suplente: Ramón Queiruga Lago

6.2 Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir, comunicándoo á Sra. alcaldesa cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando neste concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/92.

6.3 O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de polo menos dous dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos/as que legalmente os/as substitúan.

7.-Procedemento selectivo.

7.1 As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único, mediante anuncio na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello, quedando decaídas no seu dereito as persoas opositoras que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo Tribunal.

7.2 As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos mesmos. En calquera momento o Tribunal poderá requirir ás persoas opositoras para que acrediten a súa identidade.

7.3 O procedemento selectivo será o de concurso-oposición, podendo as persoas aspirantes acadar ata un máximo de 16 puntos, e que se desenvolverá como se detalla a continuación:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

A. Fase de oposición:

a) Primeiro exercicio:

Consistirá na contestación por escrito, nun tempo máximo media hora, dun cuestionario tipo test de 20 preguntas referidas as funcións propias da praza e da toponimia do Concello de Muros, das súas infraestruturas e dos edificios municipais que serán propostas polo tribunal..

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio e a súa puntuación máxima será de 10 puntos, debendo as persoas aspirantes obter un mínimo de 5 puntos para superalo. As preguntas contestadas correctamente puntuarán 0,5 puntos, mentres que as erradas restarán 0,1 puntos.

Unicamente se publicarán as cualificacións das persoas aspirantes que superaron cada proba, o que se fará mediante anuncio no taboleiro e na páxina web do Concello de Muros, dispoñendo a persoa candidata dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

B.- Fase de concurso de méritos:

Rematada a fase de oposición realizarase a fase do concurso. Esta permitirá acadar ata un máximo de 6 puntos e serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

-Experiencia profesional:

Por experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes características: 0,20 puntos por mes de servizo, ata un máximo de 6 puntos. Xustificarse por medio de informe de vida laboral e certificado de empresa ou contrato de traballo.

8.- Resolución.

Concluído o proceso selectivo, o Tribunal publicará as puntuacións acadadas por cada unha das persoas aspirantes por orde decrecente no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web: www.muros.es, propoñendo ás persoas preseleccionadas, establecendo un prazo de dous días naturais dende a publicación da lista para presentación de reclamacións, no caso de existiren estas reunirse novamente o Tribunal para resolvelas. En caso de empate entre dous ou mais candidatos, este desfarase por máis puntuación no primeiro exercicio, seguida pola puntuación na experiencia laboral. En caso de persistir o empate, este desfarase pola súa idade tendo preferencia as persoas de mais idade.

A comunicación da selección da persoa candidata realizarase telefonicamente, deixando constancia do resultado do chamamento polo/a traballador/a que a realiza.



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

Se o/a candidato/a rexeita a contratación cederá 5 postos na lista, agás que este rexeite sexa por estar de baixa médica ou enfermidade, en tal caso deberá acreditarlo por escrito e manterase no posto da lista ata o remate da baixa ou enfermidade.

Cada candidato/a que remate o seu contrato volverán ao posto que tiñan na lista. O chamamento farase sempre empezado pola primeira persoa candidata dispoñible na lista.

Aprobada por Decreto da Alcaldía, a proposta do Tribunal, notificarase ás persoas interesadas para que subscriban o contrato laboral.

9º. Incidencias.

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas e adoptar os acordos que resulten procedentes, os cales se publicaran no taboleiro de edictos da Corporación e no seu caso, na paxina web do Concello de Muros.

10. Normativa aplicable.

O proceso selectivo rexerese polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas, será de aplicación a lexislación vixente.

11. Recursos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-administrativo da Coruña. Os anteditos prazos contaranse desde o día seguinte á publicación da resolución.

Si se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao contencioso administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado desde a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, vostede pode entender desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que xulgue oportuno.